

## SECRETARIO.

Titular.—Jose Manuel Pousa Rodríguez, Administrativo do Concello de Baiona.

Suplente.—Delia Costas Rial, Tesoureira do Concello de Baiona

Os membros do tribunal poderán ser recusados cando nos mesmos concorran algunha das causas previstas para a abstención de conformidade co establecido nos artigos 29 e 30 da Lei 30/92, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

*Terceiro.—Sinalamento das datas para a constitución do tribunal e comenzo das probas.*

O tribunal cualificador das probas selectivas constituirase o día 11 de xaneiro de 2010 as 9:00 horas na Sala de Comisións da Casa do Concello. No mesmo acto procederase a valoración dos méritos xustificativos polos candidatos.

*Cuarto.—Primeiro exercicio*

O Primeiro exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio consistirá en desenvolver no tempo máximo de 120 minutos dous temas correspondentes ó programa que figura no anexo, a razón dun tema da primeira parte e un tema da segunda parte do temario terá lugar o día 18 de xaneiro as 17:00 horas na CPI Covaterreña sito na rúa Dolores Agrelo.

Os aspirantes acudirán provistos do DNI e dos medios necesarios para a práctica do mesmo, quedando decaídos do seu dereito os aspirantes que non comparezan salvo os casos debidamente xustificados que se resolverán polo tribunal.

Insertar esta resolución na páxina web e taboleiro de edictos.

Baiona, 4 de diciembre de 2009.—O Alcalde, Jesús Vázquez Almuíña. **2009013729**

## E D I C T O

En sesión del Pleno del Ayuntamiento de Baiona de 3 de diciembre de 2009, se acordó la derogación de la Ordenanza Fiscal nº 5 reguladora de la tasa por los servicios facultativos que se prestan en obras municipales, por lo que se anuncia la exposición al público del acuerdo de derogación de la Ordenanza citada, por un plazo de 30 días hábiles, de conformidad con lo previsto en el artículo 17.1 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobada por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 25 de marzo, al objeto de que los interesados que lo estimen oportuno puedan presentar reclamaciones y sugerencias a las mismas.

Baiona, a 4 de diciembre de 2009.—El Alcalde, Jesús Vázquez Almuíña. **2009013731**

## O GROVE

## A N U N C I O

O Pleno municipal, na sesión que tivo lugar o 28/09/2009, aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza de limpeza e medio ambiente do Concello do Grove en relación coa retirada dos contedores de obra durante a fin de semana.

Como non se presentou reclamación ningunha contra a dita modificación durante o prazo de exposición pública, resulta definitivamente aprobada e publícase o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia.

“O artigo 72.2, que a continuación se reflicte, da Ordenanza de limpeza e medio ambiente do Concello do Grove queda redactado da seguinte forma:

2. Durante a fin de semana, así como en calquera momento, a requirimento dos axentes da autoridade municipal, por resultar perigoso para a circulación de vehículos ou das persoas, ou causar problemas á circulación do tráfico na zona”.

O que se fai público para o xeral coñecemento, facéndose constar que contra o acordo e a ordenanza aprobada se pode interpor un recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, que comezarán a contar desde a data desta publicación.

O Grove, 30 de novembro de 2009.—O alcalde, José A. Cacabelos Rico. **2009013603**

\* \* \*

## MARÍN

## E D I C T O

*Asunto: Notificación de iniciación de expediente sancionador*

*Expte.: 14/09 – Infracción do Regulamento de venda ambulante*

Por non resultar posible practicar a notificación persoal ao interesado no lugar indicado como domicilio, por medio do presente anuncio e conforme ó disposto no artigo 59.4 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, notifícase a don Adriano Augusto, con domicilio en Macal, 16 - Vigo, a Resolución da Alcaldía, de 6 de novembro de 2009, dictada no expediente 14/09 – Infracción do Regulamento de venda ambulante, tendo de manifesto o citado expediente na Secretaría do Concello durante as horas de oficina.

Vista a denuncia administrativa formulada polo Servicio da Policía Local na que se fai constar que